



A Deputación de Lugo inviste 254.000€ na mellora da estrada provincial de Vilalba a Feira do Monte

Os traballos, consisten na reapertura de cunetas, o estendido de aglomerado en quente e a instalación de sinalización horizontal.

A Deputación de Lugo iniciou as obras para o acondicionamento da estrada LU-P-6501, que une o concello de Vilalba con Feira do Monte, en Cospeito, cun investimento de 254.000€.

Os traballos, que afectan a un treito de case catro quilómetros –dende o comezo da vía ao punto quilométrico 3,835–, consisten na reapertura de cunetas a través dunha drenaxe lonxitudinal, que aporta unha maior estabilidade, e a limpeza da vexetación. Posteriormente, lévase a cabo a pavimentación con aglomerado en quente sobre o firme xa existente. Esta nova superficie dará unha maior regularidade á vía e aumentará a súa capacidade. Finalmente, realizase o pintado horizontal da estrada mediante marcas viais reflexivas brancas.

A Deputación de Lugo dedica este ano 18,3M€ á mellora das estradas provinciais, un orzamento que aumentou nun 30% dende o 2019, cando se destinaban 14,2M€. Estes traballos mellorarán as condicións de seguridade e comodidade para os usuarios e usuarias da vía e evitará un maior gasto de conservación grazas a este novo pavimento.

Obra realizada por:



A DEPUTACIÓN CONTINÚA A MELLORAR A REDE VIARIA PROVINCIAL, FAVORECENDO DESTE XEITO A SEGURIDADE, O EQUILIBRIO TERRITORIAL E A CALIDADE DE VIDA DOS VECIÑOS E VECIÑAS DA PROVINCIA DE LUGO